

NOVOS CINEMAS#LAB

Presentación

NOVOS CINEMAS#LAB ten como obxectivo xerar unha área de asesoramento e orientación que favoreza o desenvolvemento dos proxectos daqueles realizadores/as e noveles.

O **#LAB** promoverá o encontro entre cineastas e axentes cualificados e especialmente sensibles a proxectos cinematográficos de natureza independente. A finalidade desta interacción é que as obras poidan adaptarse, co maior grao de operatividade e funcionalidade posible, a uns mercados en constante mutación e con incontables variables no que a oferta e demanda se refire.

Os proxectos supoñerán a primeira ou segunda obra do seu realizador/a e poderán atoparse en calquera fase do seu proceso de produción: preprodución, produción ou postprodución.

NOVOS CINEMAS#LAB incluírá un proceso de selección previo, levado a cabo polo equipo de Novos Cinemas e unha segunda fase que consistirá na análise, estudo e asesoramento pormenorizado dos proxectos seleccionados para que poidan materializarse da mellor maneira posible, acadando así os maiores réditos culturais e económicos. Esta tarefa será desenvolvida por profesionais especializados de contrastada experiencia.

NOVOS CINEMAS#LAB será un espazo de formación (e ensaio) para cineastas que se atopan nos inicios da súa carreira profesional. Os realizadores/as e/ou produtores/as poderán adquirir as competencias e habilidades necesarias para poder defender, co maior grao de operatividade, funcionalidade e rendibilidade posible, os seus proxectos nunha futura situación de natureza comercial.

Co gallo de fomentar e estimular a produción cinematográfica galega, unha das catro prazas do **NOVOS CINEMAS#LAB 02** destinarase ao proxecto cinematográfico dun realizador ou dunha realizadora da nosa comunidade autónoma: Galicia.

Concurso

- A convocatoria está aberta a proxectos de carácter rexional, nacional e internacional con independencia da área xeográfica á que pertencen.
- Convocarase catro prazas para catro proxectos. Unha das prazas destinarase a proxectos da comunidade autónoma galega.
- Os proxectos poderán atoparse en calquera fase de produción: escritura, desenvolvemento ou postprodución.
- A documentación pode presentarse nos seguintes idiomas: español, galego e inglés.
- O dossier enviarase á seguinte dirección info@novoscinemas.com
- O contido da memoria non poderá superar as 2.500 palabras (tres páxinas).

- No caso de incorporar material audiovisual, este achegarase vía enlace -link- tendo en conta as seguintes restricións de duración:

Teaser -duración non superior a tres minutos-

Escena ou secuencia -duración non superior a cinco minutos-

- A data límite de presentación da documentación é o **día 10 de Abril do 2017** (inclusive).
- O equipo de NOVOS CINEMAS seleccionará catro proxectos. A organización notificará vía mail e antes do 31 de abril do 2017 aos autores/as dos proxectos seleccionados da súa inclusión no programa NOVOS CINEMAS#LAB. Os autores/as e/ou produtores/as deberán confirmar a súa asistencia durante a semana seguinte á confirmación.

NOVOS CINEMAS#LAB

- O LAB desenvolverase durante os **días 29 e 30 de Xuño de 2017**.
- Os proxectos seleccionados serán estudados, analizados e asesorados detalladamente por catro profesionais de recoñecido prestixio internacional.
- A organización farase cargo dos gastos de estancia e manutención dos catro realizadores/as seleccionados, así como dunha porcentaxe -por determinar segundo traxecto e tarifas- do importe das viaxes.
- No caso de que algún dos proxectos participantes no #LAB se materialice, quen teña a titularidade dos dereitos comprométese a incluír nos títulos de crédito de presentación do filme o seguinte:

Proxecto presentado en NOVOS CINEMAS#LAB + LOGO do festival

Ficha de inscrición

- Datos persoais

Dossier

- Biografía e filmografía do realizador/a ou produtor/a
- Sinopse
- Memoria
- Declaración de intencións do director/a
- *Opcional: material audiovisual

I. DATOS DO PROXECTO / DATOS DEL PROYECTO / PROJECT DATA

Título:
Title

Director/a:

Productora:
Production company

País:
Country

Sinopse:
Sinopsis
Synopsis

Fase de produción: escritura, desenvolvemento ou postprodución:
Fase de producción: escritura, desarrollo o postproducción
Stage of production: writing, development or postproduction

2. DATOS DO AUTOR / DATOS DEL AUTOR / AUTHOR'S DATA :

Nome e Apellidos:
Nombre y Apellidos
Name & Last Name

Teléfono:
Phone Number

Enderezo electrónico:
Correo electrónico
E-Mail

Enlace do Filme:
Enlace del Film
Link to the Film

Data de nacemento:
Fecha de nacimiento
Birthdate

3. DECLARACIÓN XURADA / DECLARACIÓN JURADA / SWORN DECLARATION:

"Declaro coñecer e aceptar as bases de NOVOS CINEMAS, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra".

"Declaro conocer y aceptar las bases de NOVOS CINEMAS, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra".

"I know and accept the rules of NOVOS CINEMAS, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra"

Nome / Nombre / Name:

Nº de Pasaporte ou DNI / Passport or ID Number:

Sinatura / Firma / Signature: